# A **CREATIVIDADE** NAS AULAS DE MÚSICA DE **PRIMARIA** E **SECUNDARIA**

Sesión 1 – 25/02/2026

Vicente Castro Alonso

CENTRO DE FORMACIÓN
E RECURSOS EDUCATIVOS
DE FERROL

**Autor:** Vicente Castro Alonso
**Centro:** CFR Ferrol – Universidade da Coruña
**Ano:** 2026

Este material foi elaborado no marco desta actividade formativa co obxectivo de compartir coñecemento e recursos co profesorado participante.
Permítese o seu uso con fins educativos no ámbito profesional.
Rógase non difundir nin comercializar este documento fóra deste contexto sen autorización expresa.

**Contacto:** vicente.castro@udc.es

# PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS DESDE CURSO




"O noso sistema de educación musical é un no cal a creatividade musical é progresivamente **vilipendidada** e **afogada**" (Schafer, 1965, p.43)

# SESIÓN 1

**PARTE A.** MARCO

**PARTE B.** O CAMIÑO IDIOMÁTICO

**PARTE C.** O CAMIÑO SOUND-BASED

# PRESENTÁMONOS!

NOME

ETAPA EDUCATIVA

FORMACIÓN

# PARTE A
# **MARCO**

A creatividade na escola

Referentes pedagóxicos "post-activos"

# POR QUE A MÚSICA NA ESCOLA? QUE PROPORCIONA Á CIDADANÍA?

# POR QUE ESTÁN AQUÍ? QUE LLES CHAMOU A ATENCIÓN DESTE CURSO?

# QUE PAPEL OCUPOU A **CREATIVIDADE** NA SÚA FORMACIÓN MUSICAL E PEDAGÓXICA?

# QUE PAPEL OCUPA A **CREATIVIDADE** NA SÚA DOCENCIA?

# A MIÑA HISTORIA

Tras rematar a miña formación no conservatorio:
*Onde quedou a miña creatividade?*

Contacto con outra realidade (secundaria):
*Como podo ensinar* ***isto*** *dunha forma creativa e significativa?*
*Espertar vocacional*



Como estudante en Musicoloxía:
*Ollar expandido da música*

Autoformación, investigación e docencia:
*Reafirmación identitaria na apertura de horizontes de posibilidades*

# ALGÚNS DATOS

- A creatividade e a creación levan no currículo nacional e autonómico máis de 30 anos
- LOGSE (1990) incorpora "improvisación" e "composición de cancións"
- LOE (2006):
  - A creación consolídase como bloque de contidos independente en secundaria
  - Inclúe: improvisación, composición e arranxos
  - Propostas individuais e grupais
  - Implicación de voz, de instrumentos e as TIC
- LOMCE (2013):
  - Retroceso no detalle procedimental...

# ALGÚNS DATOS

- LOMLOE (2020)
  - Educación Primaria (Música e Danza, Decreto 155/2022):
    - Introdución: "a área de Música e Danza desenvólvese a través dunha dobre dimensión: reflexiva e creativa (...) Considérase fundamental a aproximación ao traballo, tanto individual coma colectivo (...) co obxectivo de que o alumnado investigue e experimente nas dimensións lúdica, creativa, comunitaria e social da área".
    - OBX4. Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.
    - BX5. Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.
    - Criterios de avaliación para: "producir obras propias de maneira guiada", "experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada", "improvisación e composición con pautas guiadas" ou "fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación"...

# ALGÚNS DATOS

- LOMLOE (2020)
  - Educación Secundaria (Música, Decreto 156/2022):
    - Introdución: "o desenvolvemento competencial da materia focaliza a adquisición dos contidos partindo dunha aprendizaxe baseada na práctica e no desenvolvemento de habilidades que lle permitan ao alumnado vivir a experiencia da música e da danza a través da interpretación, da creación e desde a escoita activa".
    - OBX2. Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.
      - Improvisación pautada e libre; con voz, corpo, instrumentos, ferramentas tecnolóxicas; individual ou grupal
    - OBX4. Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.
    - Criterios de avaliación: "participar con iniciativa, confianza e creatividade", "expresar ideas, sentimentos e emocións", "planificar e desenvolver, con creatividade"...

# ALGÚNS DATOS

- LOMLOE (2020)
  - Bacharelato (Análise Musical, Decreto 156/2022):
    - Introdución: "a interiorización das aprendizaxes da materia (...) permítelle ao alumnado contar con recursos aplicables a <u>procesos de creación ou improvisación</u> de obras sinxelas, xerando novas ideas sonoras"
    - OBX4. Utilizar os procedementos compositivos fundamentais e as tecnoloxías dixitais, empregando os elementos e as estruturas musicais máis adecuadas, para <u>crear</u> obras sinxelas e realizar <u>improvisacións</u>.

# O ALUMNADO É QUEN DE IMPROVISAR E/OU COMPOÑER DE FORMA SATISFACTORIA? ACCESIBILIDADE

# ALGÚNS DATOS

- Que competencias musicais son máis importantes para o profesorado de Música?




USO.C7 < USO.C5 → p < .001
USO.C7 < USO.C6 → p < .001

Castro-Alonso, V., & Chao-Fernández, R. (2022). El perfil profesional del docente de música en educación secundaria. *HUMAN REVIEW. International Humanities Review / Revista Internacional De Humanidades, 12*(2), 1–13. https://doi.org/10.37819/revhuman.v12i2.1027

# ALGÚNS DATOS

- Para cales se sinten máis preparados (formación inicial)?




PREP.C7 – PREP.C5 →
Z = -5,01, p < .001
PREP.C7 – PREP.C6 →
Z = -2,67, p = .004

Castro-Alonso, V., & Chao-Fernández, R. (2022). El perfil profesional del docente de música en educación secundaria. *HUMAN REVIEW. International Humanities Review / Revista Internacional De Humanidades, 12(2)*, 1–13. https://doi.org/10.37819/revhuman.v12i2.1027




**atelier_de_vicente** ...

**atelier_de_vicente** Nuevamente, algunas ideas para reflexionar: ¿debe restringirse nuestra capacidad creativa a disponer de un conocimiento musical específico? He dejado algunas citas de libros que he leído recientemente (P. Vivanco - "Exploremos el sonido"; G. Self - "Nuevos sonidos en clase"; M. Schafer - "El compositor en el aula").

¿Y tú, cómo has vivido tu paso por las clases de Música? ¿Consideras que se ha despertado tu faceta creativa?
Dibujos cortesía de mi alumnado del Máster en Didácticas Específicas, en representación de lo que ha significado para ellos/as.

#creatividad #educacionmusical #investigacion #educacionsecundaria #música #educacionprimaria #profesorado #formación#educacioninfantil #creación

54 sem

**_deprofes** Totalmente

54 sem 1 Me gusta Responder

Ver insights

Promocionar publicación

Les gusta a **queroiraescola** y **38 personas más**

9 de febrero de 2025

Añade un comentario... Publicar

# ALGÚNS DATOS

## ≈ 1903–1910

- Émile Jaques-Dalcroze — Rítmica Dalcroze
- Inicio e formalización; 1910: escola de Hellerau (consolidación).

## ≈ 1914–1925

- Justine Ward — Método Ward
- Primeiras edicións/difusión (publicacións docentes 1914–1917)
- Consolidación e implantación en escolas nos años vinte.

## ≈ 1920–1935

- Maurice Martenot
- 1928: invención das Ondes Martenot
- Formalización pedagóxica nos anos 30.

## ≈ 1930–1954

- Carl Orff & Gunild Keetman — Orff-Schulwerk
- Traballo experimental nos 30
- 1950–1954: publicación/edición definitiva (Music for Children), difusión internacional.

## ≈ 1935–1955

- Zoltán Kodály — Método Kodály
- Reforma iniciada nos anos 30
- Incorporación progresiva ao sistema escolar tras 1945
- Escola-modelo e adopción ampla na década de 1950.

## ≈ 1940–1960

- Edgar Willems — Método Willems
- Formulación e publicacións importantes dende mediados-finais do século XX
- Difusión institucional internacional consolidada dende os anos 50–60.

Temario Oposicións (secundaria):
Tema 70. Métodos e sistemas didácticos **actuais** de educación musical:
Orff-Schulwerk, Dalcroze, Martenot, Kodaly, Willems, Ward...

# ALGÚNS DATOS

### 1960-1970
- Chegada do ser humano á Lúa (1969)

### 1970-1980
- Crisis do petróleo (1973)
- Nace o primeiro bebé por fertilización invitro (1978)

### 1980-1990
- Accidente nuclear de Chernóbil (1986)
- Caída do Muro de Berlín (1989)

### 1990-2000
- Disolución da URSS (1991)
- Expansión masiva de internet
- Clonación da ovella Dolly (1997)

### 2000-2010
- Atentados 11-S (2001)
- Facebook inicia a súa expansión global (2004)
- Aparición do smatphone (2007)

### 2010-2020
- Confirmación do bolsón de Higgs (2012)
- Crisis do ébola (2014)
- Avances en IA profunda (2016)

### 2020-2026
- Pandemia COVID-19 global (2020)
- Invasión rusa a Ucrania (2022)
- Expansión da IA xenerativa a nivel civil (2023-2025)

# ALGÚNS DATOS

| 1960-1970 | 1970-1980 | 1980-1990 | 1990-2000 | 2000-2010 | 2010-2020 | 2020-2026 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| • Chegada do ser humano á Lúa (1969) | • Crisis do petróleo (1973)<br>• Nace o primeiro bebé por fertilización invitro (1978) | • Accidente nuclear de Chernóbil (1986)<br>• Caída do Muro de Berlín (1989) | • Disolución da URSS (1991)<br>• Expansión masiva de internet<br>• Clonación da ovella Dolly (1997) | • Atentados 11-S (2001)<br>• Facebook inicia a súa expansión global (2004)<br>• Aparición do smatphone (2007) | • Confirmación do bolsón de Higgs (2012)<br>• Crisis do ébola (2014)<br>• Avances en IA profunda (2016) | • Pandemia COVID-19 global (2020)<br>• Invasión rusa a Ucrania (2022)<br>• Expansión da IA xenerativa a nivel civil (2023-2025) |
| • Consolidación do Fluxus (1960)<br>• Pop Art (1962)<br>• Nace o arte conceptual (1964)<br>• Primeiras video-performances (1965-1969) | • Auxe do Land Art (1970-75)<br>• Performance radical<br>• Punk (1977) | • Neoexpresio-nismo | • Arte de novos medios<br>• Arte dixital temprano | • Arte relacional<br>• Arte participativo<br>• Street art | • Realidade aumentada no arte<br>• Instalaciones inmersivas<br>• Arte con IA | • NFTs e criptoarte<br>• Arte xenerativo accesible ao público<br>• IA como ferramenta artística masiva |




Curso de formación "A creatividade nas aulas de música de primaria e secundaria" - Vicente Castro Alonso (2026)

# **CREA**: CREATIVITY-RESPONSE EDUCATIONAL APPROACH




Adolf Murillo (U. Valencia), Carlos Lage (U. Complutense de Madrid), Rafael Arnau (U. Zaragoza), Vicente Castro (U. da Coruña)

Curso de formación "A creatividade nas aulas de música de primaria e secundaria" - Vicente Castro Alonso (2026)

# MODELO DE COÑECEMENTO PEDAGÓXICO CREATIVO PARA A EDUCACIÓN MUSICAL

## Coñecemento sobre creatividade (*teaching about creativity*)

- Modelos teóricos
- Procesos de creatividade
- Tipos de creatividades musicais
- Actividades específicas (improvisación, composición, escoita creativa, transcreación, etc.)

## Coñecemento para deseñar e potenciar a creatividade (*teaching for creativity*)

- Planificación con consignas
- Etapas de creación
- Xestión do tempo/espazo/materiais
- Andamiaxe creativo
- Avaliación do proceso




## Posicionamento docente (*teaching with creativity*)

**Simbólica:** apertura á incertidume, confianza, deixar espazo ás ideas do alumnado

**Corporal:** presenza, xestualidade de guía, clima estético, regulación non verbal

## Base corporal transversal que afecta a:

- como se ensinan os modelos/actividades
- como se aplican estratexias
- como se encarna a postura creativa


Chatelain, S., Barman, K., Lage-Gómez, C., & Moor, M. (2024). Reframing Creative Teaching in Secondary Music Teacher Education. *Education Sciences*, *14*(3), 324. https://doi.org/10.3390/educsci14030324

# INSTRUCIÓNS DE USO

Imos vivenciar procesos de creación colectiva para testear o seu potencial...



Non se pretende unha substitución de modelos de ensino, senón o seu enriquecemento



Óptase por un formato de ”pílulas de desentumecemento creativo”, plantexadas dende e para contextos educativos reais




É aconsellable manter unha mente aberta e predisposta a revisitar verdades que asumimos como absolutas...

“NUNHA CLASE PROGRAMADA PARA A CREACIÓN, O MESTRE DEBE PLANIFICAR A SÚA PROPIA EXTINCIÓN. QUIXERA AGREGAR QUE ME LEVOU VARIOS ANOS CHEGAR A SENTIRME CÓMODO FACENDO ISTO”
(SCHAFER, 1975, P. 24)

# PARTE B
# O CAMIÑO IDIOMÁTICO

Entendemento musical por “retro-inxeniería”

(Re)Conectando co “eu” creador/a












# “APRENDER UNHA MÚSICA DOUTRA CULTURA IMPLICA APRENDER **COMO ESTÁ PENSADA** E ENTENDER, POLO MENOS NUN CERTO NIVEL, **COMO É VIVIDA**” (CASADEVALL, 2014, P.18).

# OPORTUNIDADE PARA UN PENSAMENTO INTERCULTURAL…

COLIN MCPHEE (Canadá) (1900-1964):

- *Música Ceremonial Balinesa*: "transcricións" da música de gamelán para instrumentos occidentais.
- https://www.youtube.com/watch?v=HXZHifFLtWc&t=85s

LOU HARRISON (USA) (1917-2003):

- *Concerto para piano con gamelan*: composición de música para gamelán por autores occidentais.
- https://www.youtube.com/watch?v=StRcYYSoYpE&t=110s

C. DEBUSSY (Francia) (1862-1918):

- *Pagodes (Estampes)*: gamelán como influencia do estilo "occidental".
- https://www.youtube.com/watch?v=IolPGsc7KUo&t=47s

CARL ORFF (Alemania) (1895-1982):

- Influencias na forma na que se ensina música hoxe en día…



















# POTENCIAL PEDAGÓXICO

## Cohesión grupal:

- Práctica colectiva.
- Gamelán significa “conxunto”.
- Todos os instrumentos do conxunto concíbense como un.

## Non require dunha alfabetización musical occidental:

- Apréndese por imitación y memorización.

Castro Alonso, V., y Chao Fernández, R. (2020). Valores cohesivos de la creación musical en el aula. Estudio intercultural a través del gamelán indonesio. *Artseduca*, *29*, 181-194. https://doi.org/10.6035/Artseduca.2021.29.14












UTTARA
CAKRA
HITAM
A
Ampru
4
WISNU
ANGKUS
WAYABHYA
Si
Limpa
1
HIJAU (WILIS)
SANGKARA
TRISULA
AIRSANYA
Wa
6
Ineban
(ABU ABU)
SAMBHU
PAŚCIMA
NAGAPASA
Ta
KUNING
7
Ungsilan
MAHĀDEWA
SIVA
PADMA
5
Sa
BAJRA
PUTIH
IŚWARA
Pepusuh
NAIRITI
3
MOKSALA
Ma
Usus
JINGGA
RUDRA
DAKṢINA
9
Ba
GADA
Hati
MERAH
BRAHMA
GHNEYA
MERAH MUDA (DADU)
Peparu
Na
8
DUPA
MAHEŚORA



# KOTEKAN

# KOTEKAN

## Percusión indeterminada

- Procura imaxinativa de sons diferentes.
- Explorar as posibilidades sonoras do instrumento (técnicas expandidas).
- Obtención de series kotekan análogas ás dos instrumentos de afinación determinada (8 sons).
- Procurar situar ao "gong" como primeiro son do patrón.

### 1. Escollemos o instrumental

- Instrumentos de metal.
- Instrumentos de parche.
- Un gong.
- Un kempli (director/a).

### 2. Adaptación do instrumental

- Escala pentatónica: retiramos os "Fa" e os "Si".
- Imaxinación si non temos instrumental autóctono.

### 3. Asimilación do pulso (kempli)

- Exercicio de desinhibición.
- Afianzamento do pulso con notas aleatorias.
- Mirada ao director/a.

### 4. Asimilación do patrón kotekan:

- Por parellas:
- Polos (persoa á dereita) toca en pulsos impares.
- Sangsih (persoa á esquerda) toca en pulsos pares.

### 5. Decisións creativas:

- Polos: consensúan 2 sons.
- Sangsih: consensúan 2 sons.
- Resultado: 4 sons entretexidos.
- Testeo e reflexión.

### 6. Decisións creativas:

- Polos: consensúan outros 2 sons.
- Sangsih: consensúan outros 2 sons.
- Resultado: 8 notas entretexidas.
- Testeo e reflexión.

Principio: "facelo fácil" a nivel técnico para poder desfrutar da experiencia e escoitarnos (retirar láminas que non se precisen).

Terminoloxía: evita a "occidentalización".



# KOTEKAN

**7. Improvisación:**

- Nos instrumentos máis agudos.
- Variedade rítmica.

**8. Rotación de roles:**

- Distintos directores/as.
- Consignas cos músicos/as.

**9. Dando forma á composición:**

- Como comezar?
- Como terminar?
- Como evoluciona?
- Tocamos sempre todos/as?
- Á mesma intensidade?

**10. Rexistrando os nosos avances:**

- Para continuar noutra sesión (ficha de rexistro).
- Como documentación do proceso creativo (gravacións).




Supervisa a toma de decisións.
Inculca o auto-perfeccionismo.

# KOTEKAN

Tu nombre y apellidos:
............................................................................................

Tu función (marca con una "X"):

☐ *Polos*
☐ *Sangsih*

Tu instrumento (última versión):
............................................................................................

Anota los sonidos de vuestro *kotekan*:



Tus anotaciones (estructura de la pieza):


KOTEKAN

Tu nombre y apellidos:
............................................................................................

Tu función (marca con una "X"):

☐ *Polos*
☐ *Sangsih*

Tu instrumento (última versión):
............................................................................................

Anota los sonidos de vuestro *kotekan*:





Tus anotaciones (estructura de la pieza):

# A GRAVADORA, A NOSA ALIADA




## Ferramenta de rexistro:

- **Documentar** prácticas sonoras, interpretacións, creacións…
- Como **evidencia** para o seguimento da aprendizaxe.

## Instrumento de avaliación:

- **Autoavaliación**: os/as estudantes poden revisar as súas gravacións cun ollar crítico.
- **Coavaliación**: tamén poden establecer un *feedback* construtivo ao traballo dos compañeiros/as.
- **Heteroavaliación**: evidencia obxectiva como soporte para xustificar as calificacións do/a docente.

## Permite unha divulgación do traballo na aula

## Incentiva o silencio e a concentración

## Proporciona unha segunda vida ao material gravado:

- Como un recurso sonoro para outro medio ou fin (multimodalidade).
- Música electroacústica.

Pedagogos/as como John Paynter e Peter Aston (**1970**) ou Pepa Vivanco (**1986**) empregaban constantemente a gravación de audio nas súas clases, rexistrando as composicións dos seus estudantes e a súa experimentación.

# QUE DIFERENCIAS ATOPAS ENTRE ESTA EXPERIENCIA E A INTERPRETACIÓN CON INSTRUMENTAL ORFF?

# QUE TRABALLAMOS?


Perfil de salida
Competencias clave
Objetivos de la etapa
Orientaciones pedagógicas
Objetivos de materia
Criterios de Evaluación
Contenidos

# EN TERMOS XERAIS, FOI UNHA EXPERIENCIA SATISFACTORIA (LIBERDADE-CONTROL)?

# CAL FOI O MEU POSICIONAMENTO DOCENTE (*CREATIVE STANCE*)?

# PARTE C
# O CAMIÑO SOUND-BASED

Do “ton” ao “son”

E todo o que iso supón…




# CANTOS SONS DIFERENTES PODES FACER CUN BOLÍGRAFO?




# É O BOLÍGRAFO UN INSTRUMENTO MUSICAL?





# SOUND-BASED MUSIC (LANDY, 2012)
# DUNHA CULTURA MUSICAL CENTRADA NO "TON" → "SON" (SOLOMOS, 2019)


AGLAYA & ACOUSCAPES


INSTRUMENTARIUM XX1




PLAY BOX

# ALGÚNS DATOS

- LOMLOE (2020)
  - Educación Primaria (Música e Danza, Decreto 155/2022):
    - "Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado" (1º, 2º, 3º, 4º)
    - "Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras" (1º, 2º, 3º, 4º).
    - "Construción de obxectos sonoros e instrumentos e exploración das súas posibilidades sonoras para o seu uso expresivo" (5º, 6º).
  - Educación Secundaria (Música, Decreto 156/2022):
    - "Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancística".
    - "Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística".

# IDEAS E INSPIRACIÓN

- Martí Ruiz: *Escultura y Objeto Sonoro*: https://www.youtube.com/watch?v=RuVKxYF187s
- Zimoun (esculturas e instalacións sonoras): https://www.youtube.com/watch?v=M2rK6T_ojCU
- Nicolas Bras [canal YouTube]: https://www.youtube.com/@NicolasBras
- Proyecto INsono (instalación sonora): https://vimeo.com/161972809
- @kenji_amuza: https://www.instagram.com/kenji_amuza/?hl=es
- @the.vape.noise: https://www.instagram.com/the.vape.noise/?hl=es
- @stabilebauten: https://www.instagram.com/poor_montage/
- @mjonesbenjamin: https://www.instagram.com/mjonesbenjamin/
- @cantouchthis.studio: https://www.instagram.com/cantouchthis.studio
- @lesfoplafonds: https://www.instagram.com/lesfoplafonds/



# PROCESO CREATIVO (CREA):

1) EXPLORACIÓN
2) EXPERIMENTACIÓN
3) CREACIÓN

↕ EXPANSIÓN E INTERACCIÓN DOS IMAXINARIOS ( 🎒 + 🎒 )

# LIBROS RECOMENDADOS


- Paynter, J. (1972). *Hear and now: An introduction to modern music in school*. Universal Edition.
- Paynter, J., & Aston, P. (1970). *Sound and silence: Classroom projects in creative music*. Cambridge University Press.
- Schafer, R. M. (1965). *The composer in the classroom*. Canada Limited.
- Schafer, R. M. (1967). *Ear cleaning: Notes for an experimental music course*. Berandol Music.
- Schafer, R. M. (1970). *When words sing*. Canada Limited.
- Schafer, R. M. (1975). *The Rhinoceros in the Classroom*. Universal Edition.
- Schafer, R. M. (2002). *The new soundscape. A handbook for the Modern Music Teacher*. Melos de Ricordi Americana.
- Self, G. (1967). *New sounds in class: A practical approach to the understanding and performing of contemporary music in schools*. Universal Edition.
- Vivanco, P. (1986). *Exploremos el sonido*. Ricordi.

# PARA QUEN QUEIRA AFONDAR...


- Casadevall, J. (2014.). *Guía didáctica. Voleu tocar el gamelan?* Museu de la Música de Barcelona. Recuperado de https://ajuntament.barcelona.cat/museumusica/sites/default/files/voleu_tocar_el_gamelan_guia_didactica.pdf
- Castro Alonso, V., y Chao Fernández, R. (2020). Valores cohesivos de la creación musical en el aula. Estudio intercultural a través del gamelán indonesio. *Artseduca, 29*, 181-194. https://doi.org/10.6035/Artseduca.2021.29.14
- Castro-Alonso, V., & Chao-Fernández, R. (2022). El perfil profesional del docente de música en educación secundaria. *HUMAN REVIEW. International Humanities Review / Revista Internacional De Humanidades*, *12*(2), 1–13. https://doi.org/10.37819/revhuman.v12i2.1027
- Chatelain, S., Barman, K., Lage-Gómez, C., & Moor, M. (2024). Reframing Creative Teaching in Secondary Music Teacher Education. *Education Sciences*, *14*(3), 324. https://doi.org/10.3390/educsci14030324
- Landy, L. (2012). *Making Music with Sounds*. Routledge. https://doi.org/10.4324/9780203120644
- Murillo Ribes , A., & Riaño Galán, M. E. (2023). Play Box: un artefacto sonoro para abordar la experimentación sonora en las aulas. Estudio exploratorio basado en una intervención de creación electroacústica en la formación inicial de profesorado. *Revista Interuniversitaria De Formación Del Profesorado*, 98(37.3). https://doi.org/10.47553/rifop.v98i37.3.100834
- Solomos, M. (2019). *From Music to Sound: The Emergence of Sound in 20th- and 21st-Century Music*. Routledge. https://doi.org/10.4324/9780429201110